



# REXEITAMOS DE PLANO A PROPOSTA DO SERGAS PARA AS URXENCIAS EXTRAHOSPITALARIAS

## Porque incumple os acordos anteriores

O vixente acordo de urxencias, do ano 99, establecía que en cinco anos se eliminarían en primaria as gardas obrigatorias para o persoal de atención ordinaria. Ese prazo vencía o pasado día 30 de novembro. Pero agora o Sergas dí que non o pode cumprir e continúa obrigando a facer gardas... ata tres anos máis (eso si respetase os novos prazos que propón, que si non...).

Entón: ¿qué credibilidade ten o Sergas? ¿cómo nos pode pedir novos acordos e novos prazos se sabemos que logo non os vai respetar nin cumprir?. Para negociar en serio, a Administración ten primeiro que asumir a súa obriga de cumprir e de facer cumprir os acordos existentes.

## Porque basa o modelo sobre as Unidades de Tarde e os Pacs de noite

Na proposta do Sergas, só 30 dos Pacs actuais manterían o seu funcionamento en horario de 15 a 08. Noutros 43 ámbitos territoriais, precisamente nos de máis carga poboacional e asistencial, o Sergas obrigará ao persoal das Unidades de Tarde (existentes ou de nova creación) a atender todas as urxencias, e alí os Pac só funcionarán pola noite. Por último, nas 14 cidades e vilas que teñen hospital non se sabe qué vai ocorrer porque o Sergas propoñerá un modelo específico, baseado na coordinación coas urxencias do hospital e do 061.

Nin con criterios asistenciais nin con criterios laborais podemos compartir tal modelo. O Sergas falsea a realidade cando dí que a asistencia vai mellorar coa potenciación das Unidades de Tarde. Podería ser así si ao mesmo tempo se dotasen os dispositivos específicos para atender as urxencias dende as 15 horas, pero empacutando esas urxencias de tarde ás propias Unidades o único

que se conseguirá é sobrecargar aos profesionais, masificar as consultas e incrementar os tempos de espera.

Dende outro punto de vista, poderíamos tamén afirmar que este modelo do Sergas supón a eliminación parcial duns 40 Pacs dos actualmente existentes, que pecharían as portas ata as dez da noite, algo que non é presentable a menos que a Administración Sanitaria cambie o seu discurso destes últimos anos e diga agora que non prestaban un bó servico.

E ¿qué podemos decir das consecuencias laborais deste modelo?. Pois resulta que teríamos que a inmensa maioría das prazas de nova creación en primaria nos próximos anos serían en turnos fixos de tarde (nas Unidades-T) e turnos fixos de noite (nos Pac-22), nunhas condicións que non poden xerar dende logo ningún entusiasmo.

## Porque decepciona as expectativas do persoal actualmente vinculado

Tal decepción provén do feito de que o Sergas propón manter durante tres anos máis o actual contrato de reforzo, que tamén tiña data de caducidade: o 30 de novembro. E propón manter tal contrato a cambio de incrementar o precio da hora de garda (en torno a 2 euros máis), pero sen a totalidade dos dereitos que deben corresponder a calquera contrato temporal: sen pagas extras, sen permisos, sen calendarios certos...

Tal decepción provén igualmente de que o Sergas diminuírá coa súa proposta as prazas totais a crear nos dispositivos de urxencias, e incluso algunhas

das recién creadas nos Pacs piloto (tanto nos actuais coma nos que propoñen para funcionar en febreiro) terán que reducirse como consecuencia da diminución horaria prevista no seu funcionamento definitivo (por pasar das 15 ás 22 horas).

Tal decepción provén asimesmo das penosas condicións laborais e profesionais a que serán condenados nunha grande maioría ao ter que aceptar un posto de traballo exclusivamente nocturno.

### ***Dende CIG-Saúde seguimos defendendo:***

🔊 **Dispositivos** específicos de urxencias (Pacs dende as 15 horas como norma xeral)

🔊 **Separación** da atención ordinaria respecto da atención de urxencia

🔊 **Revisión** das condicións das Unidades de tarde

🔊 **Salarios e xornada** nas novas prazas de Pacs equiparables ás de réxime xeral no Sergas

🔊 **Efectividade** da eliminación das gardas obrigatorias

🔊 **Mellora** laboral dos contratos do actual persoal de reforzo, coa equiparación gradual ás condicións dos postos de nova creación

🔊 **Modificación** da regulación legal das urxencias, cun período de implantación a data certa.

**2 de decembro de 2004**